

**- CONCELLO DE RIANXO -**

**- PROVINCIA DE A CORUÑA-**

**ACTA Nº 4/2016**

**SESION EXTRAORDINARIA URXENTE - PLENO MUNICIPAL -**

**DIA 15 DE MARZO DE 2016**

**MARXE QUE SE CITA:**

**ASISTENTES**

**PRESIDENTE:**

ADOLFO F. MUÑOS SANCHEZ.- BNG

**CONCELLEIROS/AS:**

ADELINA CES QUINTÁNS.- BNG

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.- BNG

XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA.- BNG

TOBIAS BETANZOS REGO.- BNG

M<sup>a</sup> VANESA MARTÍNEZ DURAN.- PP

ELISA BOUZAS VICENTE.- PP

M<sup>a</sup> JESUS GALBAN TEIJEIRO.- PP

CELSA MARÍA MIGUENS PEREZ.- PP

M<sup>a</sup> CARMEN FIGUEIRA ARES.- PSOE

FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES.- PSOE

M<sup>a</sup> DEMELSA IGLESIAS COLLAZO.- PSOE

MARTÍN COMOJO VICENTE.- PSOE

ANTONIO CASTRO CASTRO.- R.COMÚN-SON

JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ.- R.COMÚN-SON

**CONCELLEIROS AUSENTES:**

JOSÉ NORBERTO UZAL TRESANDI.-PP

RAQUEL GARCIA ABUIN.- BNG

**SECRETARIO:**

DALMIRO NÚÑEZ MÉNDEZ

**INTERVENTORA:**

PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:15 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia do secretario, que asina, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal ordinaria.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

**ORDEN DO DIA**

***I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS***

1Ratificación da urxencia

2Toma de coñecemento da renuncia do concelleiro JOSÉ NOBERTO UZAL TRESANDÍ con DNI 36107911G ao dito cargo

3Aprobación da participación no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016

## I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

### 1 RATIFICACIÓN DA URXENCIA

O Alcalde dálle a palabra ao secretario da Corporación.

O secretario explica que a urxencia motívase en que o 01/03/2016 JOSÉ NOBERTO UZAL TRESANDÍ con DNI 36107911G renunciou ao cargo de concelleiro e dita renuncia só terá efectos dende que o Pleno da Corporación tome coñecemento dela e a acepte; para facer isto hai un prazo de 10 días naturais e é un requisito previo ineludible para que poda ser substituído pola candidata que corresponda.

Respecto do Plan de aforro e investimento (PAI) da Deputación da Coruña, a urxencia motívase en que o 18/03/2016 remata o prazo para solicitar a participación no plan e é preciso ter tempo para remitir a documentación vía telemática a Deputación.

A continuación vótase a urxencia.

O pleno por:

Votos a favor:	QUINCE	5 de BNG 4 de PP 4 de PsdeG-PSOE 2 de Rianxo en común
Votos en contra:	NINGÚN	0 votos
Abstéñense de votar:	NINGUÉN	0 votos

**UNICO.** RATIFICAR a urxencia da convocatoria da sesión.

### 2 TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DO CONCELEIRO JOSÉ NOBERTO UZAL TRESANDÍ CON DNI 36107911G AO DITO CARGO

O 01/03/2016 tivo entrada no concello o escrito de renuncia do concelleiro Don JOSÉ NOBERTO UZAL TRESANDÍ con DNI 36107911G ao dito cargo (RE 1112 do 01/03//2016).

A renuncia é un acto bilateral que só se perfecciona coa recepción da Administración que ten que asumila; que mentres isto non sucede pode ser revogada e deixada sen efecto polo renunciante mesmo, e que a renuncia terá efectos dende a toma de coñecemento que faga o Pleno do Concello; e que unha vez feita a renuncia e aceptada polo Pleno do Concello, o cargo de concelleiro pérdese, sen que resulte admisible o reingreso á Corporación, a non ser que existise unha causa de nulidade (acordo da Xunta Electoral Central do 23/06/1988).

Declarada a vacante, solicitarase da Xunta Electoral competente a expedición da credencial a favor do candidato o, no seu caso, suplente da mesma lista a quen corresponda, atendendo a súa orde de colocación (artigo 182 da Lei orgánica do réxime electoral xeral).

A Instrución do 10/07/2003, da Xunta Electoral Central, sobre a substitución de cargos representativos locais (BOE núm. 171, do 18/07/2003), cando se presente un escrito de renuncia ou se produza o pasamento ou outro suposto de perda do cargo de concelleiro, alcalde pedáneo ou conselleiro comarcal ou doutro cargo representativo local, o Pleno da entidade local do que forme parte tomará coñecemento dela, remitindo certificación do acordo que se adopte á Xunta Electoral de Zona, durante o

seu período de mandato, en orden ás eleccións locais, e á Xunta Electoral Central, unha vez concluídos o mandato daquela, aos efectos de proceder á substitución, conforme ao disposto pola Lei orgánica do réxime electoral xeral, indicando o nome da persoa coa que, ao xuízo da Corporación, corresponde cubrir a vacante.

A remisión do dito acordo da toma de coñecemento da renuncia terá que realizarse á Xunta Electoral Central xa que, conforme ao artigo 15.2 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, o mandato da Xunta Electoral de Zona concluíu aos cen días dende que as eleccións locais tiveron lugar.

O prazo no que teña que ter lugar a sesión plenaria para a toma de coñecemento da renuncia, aquela ten que ser dentro dos dez primeiros días naturais seguintes á presentación do escrito de renuncia (Instrución da Xunta Electoral Central no seu apartado primeiro punto catro).

Conforme ao que dispón o artigo 9.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; nos artigos 15.2, 19.1.l) e 182 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral e normas concordantes, especialmente a Instrución da Xunta Electoral Central do 10/07/2003, sobre substitución de cargos representativos locais, o Pleno,

**PRIMEIRO.** TOMAR COÑECEMENTO da renuncia ao cargo de concelleiro deste concello de Don JOSÉ NORBERTO UZAL TRESANDÍ con DNI 36107911G.

**SEGUNDO.** DECLARAR VACANTE un posto de concelleiro pertencente ao grupo político do Partido Popular de Galicia.

**TERCEIRO.** REMITIRLLE unha certificación deste acordo á Xunta Electoral Central aos efectos da expedición da credencial acreditativa da condición de electos a favor do candidato que corresponda, facendo constar que, a xuízo da corporación, correspóndelle cubrir a vacante a D.<sup>a</sup> ADELA BECERRA MAYO, número 7 da candidatura presentada no Concello de Rianxo polo Partido Popular nas eleccións municipais de 2015.

### 3 **APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN NO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016**

Sobre a mesa a adopción do seguinte acordo:

“1.- Participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

#### A) **Redución de endebedamento**

ENTIDADE FINANCEIRA	NÚMERO/CÓDIGO PRÉSTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO Á MINORACIÓN DA DÉBEDA
BVA	9555014584	222.852,95 €
TOTAL		222.852,95 €

#### B) **Investimentos (obras ou subministracións)**

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO MUNICIPAL
-----	0,00	0,00	0,00

TOTAL	0,00	0,00	0,00
-------	------	------	------

**Resumo da aplicación do préstamo provincial**

<b>SUBTOTALS</b>	<b>PRÉSTAMO PROVINCIAL</b>
Subtotal redución de endebedamento	222.852,95 €
Subtotal investimentos (obras ou subministracións)	0,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>222.852,95 €</b>

2.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

3.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente”.

O 05/01/2016 publicouse no BOP núm. 2 o anuncio da aprobación, pola Deputación Provincial, das bases reguladoras do PAI 2016. Este plan ten como finalidade a cooperación cos concellos da provincia mediante a concesión de préstamos coas seguintes características:

- Sen xuros
- Con dous anos de carencia
- Cun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2018, nos meses de xuño e novembro
- Se o concello non devolve o importe que corresponda no prazo establecido, a deputación poderá aplicar á compensación coas entregas a conta da recadación ou con calquera outra cantidade que a deputación teña que aboar ao concello

Os concellos deberán destinar o préstamo provincial á amortización de débeda, co fin de reducir o seu endebedamento, en función da porcentaxe de capital vivo das operacións a longo prazo que, no caso do Concello de Rianxo, ascende a un 19,01% dos ingresos correntes liquidados no 2014 (de acordo co artigo 53 Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo).

O 29/02/2016 a Intervención emitiu un informe no que conclúe na conveniencia de adicar a totalidade dos fondos do PAI á amortización extraordinaria de débeda

“Por este motivo, considérase que neste exercicio, o máis conveniente sería adicar a totalidade do PAI a unha amortización extraordinaria de débeda financeira aínda que o capital vivo ten valores reducidos (19,41%) e acadar así un aforro financeiro, asegurando o emprego do 100% dos fondos propostos para o Concello de Rianxo. O feito de que o remanente de tesourería, finalmente acadase un importe positivo, permitiría continuar coa tramitación do PAI 2015, para o que se solicitou unha prórroga na adxudicación do contrato de obra, e así iniciar a tramitación da licitación.

*Este é o meu informe, sen prexuízo doutra opinión superior en dereito”*

Tendo en conta o anterior informe e tendo en conta que a solicitude do PAI para amortizar anticipadamente débeda suporá un aforro financeiro e maior liberación de recursos para atender aos gastos dos servizos municipais e maior liquidez para afrontar os seus pagamentos, realízase a proposta de participación no programa neses termos.

O 08/03/2016 a Intervención emitiu o informe requirido no artigo 52 do texto refundido da Lei das facendas locais para os expedientes de endebedamento coas seguintes conclusións:

#### “4. CONCLUSIÓN S

*Tendo en conta a fundamentación deste informe, esta Intervención emite a seguinte conclusión:*

- Informe favorable
- Informe favorable con observacións
- Informe de reparo sen carácter suspensivo
- Informe de reparo con carácter suspensivo

*En canto á capacidade para afrontar o préstamo provincial, esta Intervención conclúe na capacidade do concello para a súa concertación, tendo en conta que non incrementa o endebedamento neto da entidade, situado a 31/12/2015 nun 19,01% e supón unha redución da carga financeira ao eliminar os xuros da operación substituída parcialmente. O incremento do prazo de amortización, tendo en conta o baixo endebedamento, non se estima relevante para considerar unha falta de capacidade económica para a atención dos vencementos correspondentes, polo que si se considera viable a súa concertación”*

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Sr. alcalde, Don Adolfo Muíños Sánchez.

Explica que á vista os informes da Intervención Municipal e por un criterio de prudencia adoptouse a decisión política de dedicar o PAI só a amortizar débeda coa intención de anular un préstamo cunha entidade financeira e reducir así as cargas financeiras do concello e mellorar o estado económico do Concello.

Intervén Don Antonio Castro Castro (Rianxo en Común – Son)

Pide que os plenos extraordinarios e os extraordinarios e urxentes que haxa que convocar esperten, na medida do posible, o día da semana sinalado para os plenos ordinarios (xoves), xa que outros días da semana os ten ocupados.

Sobre o punto da orde do día anuncia o seu voto a favor; sinala que non lle fai gracia pedir un crédito para pagar outro crédito e que preferiría investir eses cartos pero que o informe da Intervención Municipal é claro ao respecto. Remata solicitándolle ao equipo de goberno que faga un esforzo por aforrar para poder investir.

intervén Dona María del Carmen Figueira Ares (PsdeG-PSOE)

Anuncia o seu voto a favor. Sinala que parécelle prudente dedicar o plan a amortizar débeda e resalta a importancia de ter remanentes de tesourería positivos. Remata pedíndolle ao equipo de goberno un gasto responsable.

Intervén Dona María Vanesa Martínez Durán (PPdeG).

Anuncia o seu voto en contra. Sinala que está a favor de participar no Plan provincial de aforro e investimento pero que non poden votar a favor xa que consideran un erro dedicar o 100% do seu importe a amortizar débeda; sinala unha serie de obras (asfaltado de pistas, renovación/construción de beirarrúas) ás que se tería que destinar parte deste plan. Remata a súa intervención pedindo que as reunións dos portavoces dos grupos políticos da Corporación acudan o secretario e a interventora na súa función de asesorar aos membros da Corporación.

Intervén Adelina Ces Quintáns (BNG).

Anuncia o seu voto a favor. Sinala que tamén están a favor de facer obras e infraestruturas pero que á vista do informe da Intervención Municipal e por un criterio de prudencia e mellor amortizar débeda.

Intervén o Sr. Alcalde, Adolfo Muíños Sánchez.

Sinala que xa no PAS e no POS dedícanse 613.436 € a inversións e que, deses cartos, o Concello aporta 50.000 €. Lembra que no PAI 2015 houbo 149.000 € para invertir nunha pista en Carballal, pero que as dúbidas sobre a titularidade pública o privada dela impediron executar as obras.

Remata sinalando que optouse por dedicar todo o plan a amortizar por un criterio de prudencia e que o Orzamento municipal para o exercicio do 2016 (en fase de elaboración) prevé partidas para investimentos financiadas con fondos propios.

Non hai máis intervencións.

A continuación vótase o asunto:

O pleno por:

Votos a favor:	ONCE	5 de BNG 4 de PsdeG-PSOE 2 de Rianxo en común
Votos en contra:	CATRO	4 de PP
Abstéñense de votar:	NINGUÉN	0 votos

Adopta este acordo:

1.- Participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

#### A) Redución de endebedamento

ENTIDADE FINANCEIRA	NÚMERO/CÓDIGO PRÉSTAMO	PRÉSTAMO APLICADO Á MINORACIÓN DA DÉBEDA
BBVA	9555014584	222.852,95 €
<b>TOTAL</b>		222.852,95 €

**B) Invetimentos (obras ou subministracións)**

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO PROVINCIAL
-----	0,00	0,00	0,00
<b>TOTAL</b>	0,00	0,00	0,00

**Resumo da aplicación do préstamo provincial**

SUBTOTALS	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Subtotal redución de endebedamento	222.852,95 €
Subtotal invetimentos (obras ou subministracións)	0,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>222.852,95 €</b>

2.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos invetimentos para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

3.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:30 HORAS, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende esta acta.

Como secretario dou fe.

O alcalde,

Adolfo Muíños Sánchez,

o secretario

Dalmiro Núñez Méndez